

Descrición Decreto: APROBACION BASES DO SERVIZO OBRADOIROS URBANOS DE VERÁN “OLIMPIARTE” OFERTADO POLO CONCELLO DE ARZUA. Expte TEDEC: 2024C007/000022

DON XOAN XESUS CARRIL RAMOS ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Visto informe interventor de retención de crédito de data 13 de xuño de 2024

Sendo o contido de ditas bases o seguinte:

ARTIGO 1. CONCEPTO

O Concello de Arzúa, en aras do interese público e da importancia de contribuir desde a administración local ao desenvolvemento persoal das crianzas arzuás, desenvolve o servizo de Obradoiros Urbanos de verán “Olimpiarte”, concibido como unha oferta lúdica e formativa para dotar ás nenas e menos de ferramentas precisas para lograr a súa autonomía e independencia fomentando a convivencia, a cooperación, o respecto e un xeito de vida saudable ao tempo que proporciona un achegamento ao medio natural, ao deporte e a cultura.

Os Obradoiros urbanos de verán “Olimpiarte” constitúen un proxecto transversal, impulsado desde as Concellarías de Infancia e Xuventude, Deporte e Igualdade, e desenvolveranse en tres quendas semanais tal e como se detalla a continuación. Cada quenda consta de 25 prazas e desenvolveranse en xornadas de 10:00 a 14:00 horas.

CRONOGRAMA E CONTIDO:

Datas	Descrición
1-5 de xullo	Nesta primeira semana de xullo adicarémonos a coñecer as olimpíadas de verán a través de diversidade de xogos e dinámicas que poñan en valor ás persoas deportistas. Da mesma maneira, buscarase coñecer a historia e os deportes.
8-12 de xullo	Nesta segunda semana de xullo adicarémonos a coñecer as paraolimpíadas a través de xogos e dinámicas que poñan en valor ás e aos deportistas

	e o seu afán de superaciónj e a súa resiliencia. Para iso, realizaranse actividades e xogos deportivos nos que nos poremos na pel desas persoas e poder comprobar de primeira man como se sinten e o viven.
15 a 19 de xullo	Nesta última quenda afondarase nas olimpíadas e inverno onde, ao igual que nas anteriores, coñeceremos a persoas deportistas referenciais nas diversas disciplinas deportivas e a historia dos deportes que caracterizan a estas olimpíadas.

ARTIGO 2.- PERSOAS DESTINATARIAS

Este servizo está dirixido a **menores de idade nados entre 2020 e 2012.**

Condicións para solicitar o servizo e orde de prioridade:

1. Usuarios/as empadroados/as no Concello de Arzúa.

De existir máis prazas que solicitudes poderán acceder ao servizo:

2. Usuarios/as que non estando empadroados/as, están matriculados/as nun centro educativo de Arzúa ou os seus pais traballan no termo municipal. (Achegar documentación acreditativa da empresa ou centro educativo no momento da solicitude de praza).
3. Usuarios/as en circunstancias distintas ás anteriores.

ARTIGO 3. INCLUSIÓN

O Concello de Arzúa, en aplicación do principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade, considera pertinente que se teñan en conta as necesidades e demandas destas persoas nas políticas e liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública. Neste sentido debe tamén sinalarse que a Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade, que entrou en vigor o 3 de maio de 2008, recoñece no seu artigo 30 o dereito das persoas con discapacidade a participar, en igualdade de condicións coas demais persoas, nas actividades recreativas, de lecer e tempo libre. Así mesmo, o artigo 7 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das

persoas con discapacidade e da súa inclusión social, versa exclusivamente sobre o dereito á igualdade das persoas con discapacidade.

A tal fin a oferta de Obradoiros urbanos de verán “Olimpiarte” incorpora unha praza reservada para crianzas con discapacidade en grao igual ou superior ao 33%. Este campamento desenvolverase en instalacións que contan con condicións de accesibilidade cognitiva, física e sensorial.

Así mesmo este campamento disporá de monitorado coa formación e no número preciso para que todos/as os/as participantes conten co apoio necesario no desenvolvemento das actividades e a plena inclusión nelas. O deseño das actividades favorecerá a participación de todos e todas.

A matrícula dos/as participantes que soliciten reserva de praza para usuarios/as con discapacidade igual o superior ao 33% no campamento urbano de verán “Olimpiarte” acompañarase dunha ficha de coñecemento persoal. Esta ficha permitirá ao monitorado coñecer e planificar os apoios necesarios para unha correcta atención do/a menor.

ARTIGO 4.- SOLICITUDE DE PRAZA

Prazo: 18 a 20 de xuño.

A solicitude de praza farase presentando a ficha de solicitude (Anexo I) a través do rexistro do Concello de Arzúa, de xeito presencial ou telemático na sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodearzua.com/>)

No caso de rexistro telemático, o código de solicitude corresponderase co número de rexistro de entrada. No caso de ser preciso a adxudicación de prazas mediante sorteo público, asignaráselle un número de participación que será publicado nas listas definitivas.

4.1. Para xustificar a orde de **prioridade 2**, deberase axuntar un informe do centro de estudos ou certificado da empresa para os/as nenos/as que non estando empadroados/as, están matriculados/as nun centro educativo de Arzúa ou súa nai/pai ou titor/a legal traballe no termo municipal.

4.2. Para optar ás prazas reservadas a persoas cunha porcentaxe de discapacidade igual ou superior ao 33% deberá achegarse, no momento da solicitude de praza, o certificado acreditativo do grao de discapacidade.

4.3. Para solicitar praza no mesmo campamento para varios fillo/as deberase realizar unha solicitude de praza por cada menor.

Non se admitirán solicitudes fóra dos prazos establecidos.

ARTIGO 5.- PUBLICACIÓN DAS LISTAS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS

A efectos de información e posibles reclamacións publicarase a lista provisional de admitidos/as o 21 de xuño na páxina web municipal e nos taboleiros oficiais do concello. Abrirase un prazo para a presentación de alegacións á lista provisional ata o 25 de xuño

ARTIGO 6.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

1. Os criterios para a adxudicación será o seguinte:

- **Directa**, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.
- Se o número de prazas solicitadas supera ás ofertadas, a adxudicación realizarase pola orde que marca o artigo 2 e 3, sucesivamente, e seguindo a prelación de orde de rexistro tomando como referencia a data de presentación inicial no caso de que a solicitude estea completa ou de subsanación no caso de que fose necesaria
- **2. Mediante decreto de alcaldía publicarase o 26 de xuño a lista definitiva de admitidos e de agarda**

As vacantes que se produzan serán ofertadas aos solicitantes seguindo a orde da lista de agarda. Realizaranse tres chamadas entre as 9h e 14h aos números que se facilitaron na solicitude de praza. De non ter resposta do/a interesado/a este será dado de baixa e procederase a chamar ao seguinte da lista. Recibida a comunicación e aceptada a praza, procederase á efectuar a matrícula e o pagamento.

ARTIGO 7.- MATRÍCULA

Ábrese un prazo de matrícula do 27 ao 28 de xuño.

Documentación a presentar:

- Impreso de matrícula debidamente cumprimentado.
- Copia da tarxeta sanitaria.
- Certificado médico (só no caso de padecer enfermidade que deba ser reflectida).
- Ficha de coñecemento persoal no caso de usuarias/os con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Presentarase preferiblemente a través do **registro telemático** na sede electrónica do concello (<https://sede.concellodearzua.com/>) ou presencialmente no rexistro do Concello de Arzúa.

ARTIGO 8- CUSTE E PAGAMENTO (AUTOLIQUIDACIÓNS)

O custe de matrícula nos Obradoiros urbanos “Olimpiarte” será de 35€/quenda.

No momento de formalización da matrícula deberá realizarse o pagamento e acompañar resguardo de ter realizado o mesmo.

De non aboar o importe do campamento nos prazos establecidos, considerarase baixa inmediata no servizo, agás causa xustificada, ocupará o seu posto o seguinte da lista.

ARTIGO 9.- RENUNCIA A PRAZA E DEVOLUCIÓN DA TAXA

No caso de que, por algún motivo xustifico, tivese que renunciar á praza, presentará instancia a tal efecto a través da sede electrónica ou presencialmente no rexistros municipais.

As cantidades aboadas soamente serán devoltas cando non se poda utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao interesado/a. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar a esta os documentos xustificativos que en cada

caso correspondan. Fóra destes casos, non se efectuarán devolucíons das cantidades aboadas.

ARTIGO 10.- ABANDONO DA ACTIVIDADE

Os participantes nos Obradoiros urbanos de verán “Olimpiarte” do Concello de Arzúa non poderán abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable dos obradoiros. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia das persoas proxenitoras ou titoras ou persoa debidamente autorizada por estes/as.

A omisión, falsidade dos datos o dos documentos achegados serán causa de denegación, con independencia da incoación do correspondente expediente sancionador.

Información xeral

Obradoiros urbanos de verán “Olimpiarte”

→ Concellaría de Infancia e Xuventude
Tel. 981500000 Ext, 118

→ Concellaría de Deportes
Tel.

**SOLICITUDE DE PRAZA (ANEXO
I)**

**OBRADOIROS URBANOS DE
VERÁN“OIIMPIARTE”**

**IMPORTANTE: CUMPRIMENTE TODOS OS CAMPOS
CON LETRA MAIUSCULA E CLARA**

D./
Dna _____


—
DNI _____ Telf. _____ Correo-
e _____

Enderezo _____
—

como pai/nai/titor-a do/a
PARTICIPANTE _____

con DNI (do/a participante) _____ e data de
nacemento _____

**SOLICITO PRAZA NO OBRADOIRO URBANO DE VERÁN
“OLIMPIARTE”**

Marque a quenda que correspond a	SEMANA	DATAS
	Semana 1	Do 1 ao 5 de xullo
	Semana 2	Do 8 ao 12 de xullo
	Semana 3	Do 15 ao 19 de xullo

(*) xxxx% de prazas reservadas para usuarios/as con discapacidade igual ou superior ao 33%

- ◆ Solicito praza para usuarios/as con discapacidade igual o superior ao 33%. En caso afirmativo presente a documentación acreditativa.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

SI NON

A efectos de establecer os CRITERIOS DE PRIORIDADE en caso de sorteo, DECLARO que:

- O meu fillo/a está empadroad/a no Concello de Arzúa. (Compróbase de oficio).
- O meu fillo/a non estando empadroad/a, está matriculado/a nun centro educativo de Arzúa ou os proxenitores traballamos no municipio (debe acreditar documentalmente tal circunstancia).
- O meu fillo/a non está empadroad/a no Concello de Arzúa. .

LEMBRE:

Unha vez adxudicada a praza, deberán proceder a realizar a matrícula e aboar o importe do campamento nos prazos establecidos.

Toda a información do procedemento consta nas bases dos Obradoiros urbanos de verán "Olimpiarte"

MATRÍCULA (ANEXO II)

OBRADOIROS URBANOS DE VERÁN "OIIMPIARTE"

IMPORTANTE: CUMPRIMENTE TODOS OS CAMPOS CON LETRA MAIUSCULA E CLARA

D./
Dna _____

—
DNI _____ Telf. _____ Correo-
e _____

Enderezo _____

—
como pai/nai/titor-a do/a
PARTICIPANTE _____

con DNI (do/a participante) _____ e data de
nacemento _____

SOLICITO PRAZA NO OBRADOIRO URBANO DE VERÁN "OLIMPIARTE"

Marque a quenda que correspond a	SEMA NA	DATAS
<input type="checkbox"/>	Semana 1	Do 1 ao 5 de xullo
<input type="checkbox"/>	Semana 2	Do 8 ao 12 de xullo
<input type="checkbox"/>	Semana 3	Do 15 ao 19 de xullo

(*) xxxxx% de prazas reservadas para usuarios/as con discapacidade igual ou superior ao 33%

- ◆ Solicito praza para usuarios/as con discapacidade igual o superior ao 33%. En caso afirmativo presente a documentación acreditativa.

SI **NON**

A efectos de establecer os CRITERIOS DE PRIORIDADE en caso de sorteo, DECLARO que:

- O meu fillo/a está empadroado/a no Concello de Arzúa. (Compróbase de oficio).
- O meu fillo/a non estando empadroado/a, está matriculado/a nun centro educativo de Arzúa ou os proxenitores traballamos no municipio (debe acreditar documentalmente tal circunstancia).
- O meu fillo/a non está empadroado/a no Concello de Arzúa. .



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Toda a información do procedemento consta nas bases dos Obradoiros urbanos de verán "Olimpiarte"V

Avocando la competencia delegada na Xuna de Goberno Local en virtud del art. de la ley 40/2015 de 1 de outubro, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar as bases que aparecen transcritas no seguinte decreto.

SEGUNDO.-Publicar as presentes Bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa

ARZÚA, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe

O Alcalde - Presidente
Asdo.- XOAN XESUS CARRIL RAMOS

Dou fe, o secretario
Asdo.- ALFONSO M.ALCALA PEREZ